

Presentación LOMLOE

Itinerarios no IES Plurilingüe Eusebio da Guarda.

Réxime ordinario (diúrno)

Acceso á Universidade

Normativa LOMLOE: (web do Instituto > O Centro > Lexislación > LOMLOE).

- [Decreto 156/2022, polo que se establecen a ordenación e o curriculum da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia](#)
- [Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#)

CURSO 2023-24	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
COMÚNS	5-Matemáticas 4-Lingua Galega e Lit. 3-Lingua Castelá e Lit. 3-1ª Ling. Estranxeira 3-Bioloxía e Xeoloxía 3-*Tecnol. e Dixitalización 3-Xeografía e Historia 2-2ª Ling. Estranxeira 2-Educ. Plástica e Visual 2-*Educación Física 1-*Relixión ou * PC (Cultura anglosaxona)	5-Matemáticas 4-Lingua castelá e lit. 3- Lingua galega e lit. 3-1ª Lingua estranxe. 3-Física e química 3-*Tecn. e Dixitalización 3-Xeografía e historia 2-2ª Lingua estranxeira 2-*Educación Física 2-Música 1-*Relixión ou * PC (Laboratorio de FQ)	4-Matemáticas 3- Lingua Galega e Lit. 3-Ling. Castelá e Lit. 3-1ª Ling. Estranxeira 3-Xeografía e Historia 2-Bioloxía e Xeoloxía 2-Física e Química 2-*Educación Plástica e V. 2-*Educación Física 2-Música 1-Ed.Valores Cívicos e Ét. 1-*Relixión ou * PC (Programa europeo)	4-Matemáticas A/B 3- Lingua galega e lit. 3-Lingua castelá e lit. 3-1ª Lingua estranxe. 3-Xeografía e historia 2-*Educación Física 1-Relixión ou * PC (Laboratorio de Ciencias)
	Horas de libre disposición <u>Libre confi.autonó.</u> *Materias en Inglés **só en 3º ou en 4º			MATERIAS DE OPCIÓN
		OPTATIVAS	Elixir unha (3h): 2ª Ling. Estranxeira ** Cultura Clásica Cultura Financeira Educación Dixital ** Oratoria	Elixir unha (3h): ** Cultura Clásica Filosofía ** Oratoria Materia de opción
	1-Titoría	1-Titoría	1-Titoría	1-Titoría

ITINERARIOS 4º LOMLOE (CURSO 2023-24)

		Escoller 2 materias:
VÍA A	<ul style="list-style-type: none">• Matemáticas B• Bioloxía e Xeoloxía• Física e Química	<ul style="list-style-type: none">• 2ª LE• Cultura Clásica (non cursada en 3º e sempre que non curse Filosofía ou Oratoria)• Dixitalización• Economía e emprendedores• Expresión Artística• Filosofía (sempre que non curse Filosofía ou Oratoria)• Formación e Orient. Personal e Profes.• Intelixencia Artificial para a Sociedade• Música• Oratoria (non cursada en 3º e sempre que non curse Cultura Clásica ou Filosofía)• Tecnoloxía
VÍA B	<ul style="list-style-type: none">• Matemáticas A/B• Economía e emprendedores• Latín	<ul style="list-style-type: none">• 2ª LE• Cultura Clásica (non cursada en 3º e sempre que non curse Filosofía ou Oratoria)• Dixitalización• Expresión Artística• Filosofía (sempre que non curse Filosofía ou Oratoria)• Formación e Orient. Personal e Profes.• Intelixencia Artificial para a Sociedade• Música• Oratoria (non cursada en 3º e sempre que non curse Cultura Clásica ou Filosofía)

ESO

DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

3º ESO	4º ESO
<p>12 h Ámbito lingüístico e social. Abrangue: Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura 1ª Lingua Estranxeira (independente?) Xeografía e Historia</p> <p>8 h Ámbito científico e matemático. Abrangue: Matemáticas Física e Química Bioloxía e Xeoloxía</p>	<p>12 h Ámbito lingüístico e social. Abrangue: Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura 1ª Lingua Estranxeira (independente?) Xeografía e Historia</p> <p>10 h Ámbito científico e matemático Abrangue: Matemáticas Bioloxía e Xeoloxía Física e Química</p>
<p><u>Materias a cursar co grupo de referencia:</u> 3 h OPTATIVA (2ª LE, CuCa, Ed. Dixit, Oratoria) 2 h Educación Física 2 h Educación Plástica e Visual 2 h Música 1 h Educación Valores Cívicos e Éticos 1 h Relixión / Proxecto Competencial</p>	<p><u>Materias a cursar co grupo de referencia:</u> 3 h 1 MATERIA OPCIÓN (nin BX, nin FQ) 3 h OPTATIVA (CuCa, Filosofía, Oratoria, materia de opción non cursada) 2 h Educación Física 1 h Relixión / Proxecto Competencial</p>
1 h Titoría	1 h Titoría

ESO (desde o curso 2022-23)

Promoción

- Promociona de curso o alumnado con **todas as materias* aprobadas** (do curso actual e dos anteriores), **ou con 1 ou 2 materias* suspensas** (entre o curso actual e os anteriores).
- Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción con máis materias* suspensas, sempre que se cumpran **todas** as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias (incluíndo as pendentes) en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) **Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.**
 - c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O equipo docente, sen menoscabo da súas competencias, pode decidir que se compren as aliñas c), d) e e) nos seguintes casos:

- i. No caso de avaliación negativa en tres materias de toda a ESO e as notas destas sexan iguais ou superiores a 3.
- ii. No caso de avaliación negativa en catro ou máis materias de toda a ESO e as notas das mesmas sexan iguais a 4.

•Materias coa mesma denominación de cursos diferentes contan como materias distintas.

Repetición

- Unha soa vez no curso e dúas veces, como máximo, en todo o ensino obrigatorio.
- De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia.
- En Diversificación Curricular só se poderá repetir en 4º curso.

Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria

- Titúlase o alumnado que en toda a ESO aprobou **todas as materias* ou ámbitos cursados**.
- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias* (incluídas as pendentas) en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O equipo docente, sen menoscabo das súas competencias, pode decidir que se compren as aliñas b) e c) nos seguintes casos:

- i. No caso de avaliación negativa en dúas materias de toda a etapa, e as notas destas sexan iguais ou superiores a 2.
- ii. No caso de avaliación negativa en tres ou máis materias de toda a etapa, e as súas notas sexan iguais a 4.

* Materias coa mesma denominación de cursos diferentes contan como materias distintas.

ESO

Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha **nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos** poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como **máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 %** do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.
- En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
- Ordenarase o alumnado que cumpra as condicións por mellor nota media en 4º de ESO.
- Para desempatar:
 - 1º criterio: mellor nota media na etapa.
 - 2º criterio: maior número de 10 (de 9 se continua o empate; ou de 8 se aínda continua o empate) nas avaliacións finais da etapa.
 - 3º criterio: sorteo

Comúns: Lingua Galega e Lit. I (3h), Lingua Castelá e Lit. I (3h), 1ª Lingua Estranxeira (3h), Filosofía (3h), Educación Física (3 h), 1-Relixión/Lab.Inglés(1 h)

		ESPECÍFICA OBRIGATORIA (4 h)	MATERIA DE OPCIÓN (4 + 4 h)	MATERIA OPTATIVA (4 h) (sen repetir co bloque anterior)
Modalidade Ciencia e Tecnoloxía		•Matemáticas I	•Bioloxía •Física e Química	<ul style="list-style-type: none"> •2ª Ling. Estra. Fran II •Anatomía Aplicada •Antropoloxía •Cultura Científica •Debuxo Artístico I •Economía •Ling. e Práctica Musical •Lta.Gal.S.XX e da Actualidade •Tecnoloxías Intelixentes •TIC I <p><u>So en Ciencias:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> •Bioloxía, Xeoloxía e CM •Debuxo Técnico I •Tecnol. e Enxeñería I <p><u>So en Humanidades e CCSS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> •Hta. do Mundo Conte. •Lta. Universal
			•Debuxo Técnico I •Física e Química	
			•Física e Química •Tecno. e Enxeñería I	
Modalidade de Humanidades e CCSS	Humanidades	•Latín I	•Grego I •Hta. do Mundo Contemp.	
			•Grego I •Lta. Universal	
			•Hta. do Mundo Contemp. •Lta. Universal	
	Ciencias Sociais	•Matemáticas aplicadas ás CCSS I	•Economía •Hta. do Mundo Contemp.	
			•Economía •Lta. Universal	
			•Economía •Latín I	

2º BACHARELATO LOMLOE

Comúns: Lingua Galega e Literatura II (3 h), Lingua Castelá e Literatura II (3 h), Primeira Lingua Estranxeira II (3 h), Historia de España (3 h), Historia da Filosofía (3 h)

		M. ESPECÍFICAS OBRIGATORIAS 1 materia 4 h	M. ESPECÍFICAS DE OPCIÓN 2 materias 4 h cada unha	MATERIAS OPTATIVAS 1 materia 4 h	1 materia 1 h
MODALIDADE DE CIENCIAS		<ul style="list-style-type: none"> •Matemá. II •Mat. Ap. CCSS II 	<ul style="list-style-type: none"> •Bioloxía •Debuxo Técnico II •Física •Química •<u>Tecnoloxía e Enx. II</u> •Xeoloxía e C. Amb. 	<ul style="list-style-type: none"> •<u>2ªLing.Est.II Francés</u> •<u>Mét. Estatíst. e Num.</u> •<u>Psicoloxía</u> •<u>TIC II</u> •<u>Xeog, Hª, Arte e Patrimonio de Galicia</u> •<i>Debuxo Artístico II</i> •<i>Materia de modalidade non cursada</i> 	<p><i>Relixión</i></p> <p><u>Mat. Espello</u> (Análise e produción de textos multimodais)</p>
MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	Itinerario de Humanidades	<ul style="list-style-type: none"> •Latín II •Mat.Ap.CCSS II 	<ul style="list-style-type: none"> •Empresa e Deseño de negocios •Grego II •Hta. da Arte •Xeografía •Materia troncal non cursada 		
	Itinerario de CCSS				

1º BACHARELATO		2º BACHARELATO		
ESPECÍFICA OBRIGATORIA	ITINERARIOS (ESP. DE OPCIÓN)	ESPECÍFICA OBRIGATORIA	ITINERARIOS (ESP. DE OPCIÓN)	OPTATIVAS (non rep.)
Matemáticas I	<ul style="list-style-type: none"> •Bioloxía •Física e Química 	Matemáticas II/ Matemáticas aplicadas CCSS II	<ul style="list-style-type: none"> •Bioloxía •Química 	<ul style="list-style-type: none"> •2ª LE II (Francés) •Bioloxía •Deb. Artístico II •Deb. Técnico II •Empresa e Deseño neg. •Física •HMD •MEN •Psicoloxía •Química •Tecn. e Enx. II •TIC II •Xeoloxía e C. Amb.
	<ul style="list-style-type: none"> •Debuxo Técnico I •Física e Química 		<ul style="list-style-type: none"> •Debuxo Técnico II •Física 	
	<ul style="list-style-type: none"> •Física e Química •Tecn. e Enx. I 		<ul style="list-style-type: none"> •Física •Tecnoloxía e Enxeñería II 	
Latín I	<ul style="list-style-type: none"> •Grego I •Hist. Mundo Cont. 	Latín II	<ul style="list-style-type: none"> •Grego II •Historia da Arte 	<ul style="list-style-type: none"> •2ª LE II (Francés) •Deb. Artístico II •HMD •Psicoloxía •TIC II •Xeografía •XHAP Galicia
	<ul style="list-style-type: none"> •Grego I •Literatura Universal 		<ul style="list-style-type: none"> •Historia da Arte •Xeografía 	
	<ul style="list-style-type: none"> •Hist. Mundo Cont. •Literatura Universal 			
Matemáticas Aplicadas ás CCSS I	<ul style="list-style-type: none"> •Economía •Hist. Mundo Cont. 	Matemáticas Aplicadas ás CCSS II	ESCOLLER 2: <ul style="list-style-type: none"> •Empresa e Deseño negocios •Historia da Arte •Xeografía 	<ul style="list-style-type: none"> •2ª LE II (Francés) •Deb. Artístico II •Historia da Arte •HMD •MEN •Psicoloxía •TIC II •Xeografía •XHAP Galicia
	<ul style="list-style-type: none"> •Economía •Literatura Universal 		<ul style="list-style-type: none"> •Empresa e Deseño negocios •Latín II 	
	<ul style="list-style-type: none"> •Economía •Latín I 			

BACHARELATO

ACCESO: Título en ESO.

AVALIACIÓN: Diferenciada por materia.

PROMOCIÓN DE 1º a 2º :

- Cando se superen as materias cursadas ou se teñan 2 suspensas como máximo. Neste último caso matricularanse en 2º das materias pendentes de 1º. A superación das materias de 2º que impliquen continuidade estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º.
- Para os efectos de promoción, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
- A promoción cunha ou dúas materias suspensas decidírase despois da avaliación extraordinaria
- A avaliación extraordinaria do alumnado farase a partir dunha proba extraordinaria, única para a materia do curso, a mesma para o alumnado de réxime ordinario e adultos, e de toda a materia do curso.

DURACIÓN: 4 anos académicos en réxime ordinario.

BACHARELATO

REPETICIÓN:

- **Repetir 1º:** O alumnado deberá matricularse en todas as materias e repetirá o curso completo.
- **Repetir 2º:** O alumnado poderá matricularse das materias suspensas, ou optar por repetir o curso completo (neste caso non se manterán as cualificacións das materias aprobadas previamente).

AVALIACIÓN DAS MATERIAS SUSPENSAS DE 1º RESULTADO DE CAMBIO DE MODALIDADE: como as pendentas.

BACHARELATO

OBTENCIÓN TÍTULO DE BACHARELATO:

- Aprobando todas as materias de 1º e 2º de Bacharelato.
- **Excepcionalmente (na avaliación extraordinaria)**, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

BACHARELATO

- O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
- Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

BACHARELATO

CAMBIO DE MODALIDADE:

O alumnado poderá **solicitar á dirección do centro** o cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase:

- **Antes do 15 de outubro no primeiro curso**
- **Antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso.**

Ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas:

1. Todas as materias comúns de cada un dos cursos
2. As dúas materias específicas obrigatorias da nova modalidade.
3. Catro materias específicas de modalidade de opción (itinerarios), das cales dúas serán de primeiro curso e dúas serán de segundo curso.
4. A materia de Educación Física de 1º curso.
5. Un mínimo de dúas materias optativas, das cales unha será de primeiro curso e a outra de segundo. Unha das materias específicas da modalidade que abandona poderá ser considerada como materia optativa de 1º curso, indicándoo no momento da solicitude.

CAMBIO DE MODALIDADE-2:

Cambio de modalidade (ou de itinerario en Humanidades e CCSS) ao promocionar a segundo. Ademais de estar en condición de promocionar (2 suspensas como máximo de 1º despois da avaliación extraordinaria):

1. Deberá cursar, da nova modalidade ou do novo itinerario, a materia específica obrigatoria de segundo e, se for o caso, a de primeiro que non tiver superado.
2. Deberá cursar a/s materia/s específica/s de opción do primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
3. Non será necesaria a superación da materia específica obrigatoria do primeiro curso da modalidade ou do itinerario que abandona.
4. A materia específica obrigatoria superada do bloque de materias propia da modalidade ou do itinerario que abandona de primeiro curso poderá computarse como materia optativa de primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
5. No caso de cursar materias de primeiro debido ao cambio de modalidade, estas serán tratadas de forma análoga ás materias pendentes.

Cambio de modalidade ao permanecer un ano máis no segundo curso: poderá cambiar de modalidade nas condicións establecidas no apartado anterior.